



Rolda de prensa para presentar a iniciativa de cambio de nome da rúa Fernández Ladreda
© PontevedraViva

Pontevedra

O cambio de nome da rúa Fernández Ladreda polo de María Victoria Moreno, a un só paso



Por Diego Espiño
hai 21 horas

O goberno local de Pontevedra deu un último impulso, esperando que definitivo, para **renomear a rúa Fernández Ladreda da cidade e que pase a ser a rúa María Victoria Moreno**.


Por ese motivo a intención **ésometer a votación no próximo pleno municipal** o cambio de denominación coa intención de "eliminar do rueiro de Pontevedra o ministro de obras públicas franquista", explicou a concelleira Carmen Fouces, e de paso homenaxear a "nosa queridísima e admirada escritora".

A de Fernández Ladreda é a última gran vía da cidade cuxo nome reflicte un pasado ligado coa ditadura, polo que esperan poder culminar o proceso cumprindo así a Lei de Memoria Histórica.

Esta proposta presentada por rexistro municipal, sinalaron en rolda de prensa, conta co **apoio de colectivos como a Real Academia Galega, a Asociación de Escritores en Lingua Galega, Polo Correo do Vento, Maio Longo, A Segá** e do último centro educativo no que exerceu María Victoria Moreno, **o instituto Torrente Ballester de Pontevedra**.

"Agardamos que sexa ben acollida por todos os membros da corporación porque cremos que é de xustiza", argumentou Fouces acompañada da filla da escritora, o seu viúvo, e o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, ademais do tamén concelleiro Alberto Oubiña.

Esta medida esperan que se converta en realidade aproveitando que [neste ano 2018 María Victoria Moreno será a homenaxeada pola Real Academia no Día das Letras Galegas](#).



Rúa Fernández Ladreda
© Mónica Patxot